



2^{os}
PREMIOS
de **PODCAST**
V^oVELLO dos
CONTOS

ORGANIZAN



PNO!
PORQUE...NAS OXOAS!

IES PLURILINGUE
ROSALÍA DE CASTRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA



COLABORAN

dinahosting

Ant. Antonio Fraguas Fraguas



CASA DE ROSALÍA



RADIO GALEGA



EASD

easd
mestre mateo



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



REAL
ACADEMIA
GALEGA



PARLAMENTO
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

O IES Rosalía de Castro, Arraianos Producións e Ponte... nas ondas! convocan os **II PREMIOS DE PODCAST O VELLO DOS CONTOS**.

Nesta iniciativa colaboran outras entidades que velan pola defensa e a promoción da lingua e da cultura galega como o Museo do Pobo Galego, Dinahosting, Oral de Galicia, a Fundación Rosalía de Castro, a EASD Mestre Mateo, a Radio Galega, a Real Academia Galega, a Fundación Antonio Fraguas, o Parlamento de Galicia e a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

2^{os}

PREMIOS de **PODCAST** V^oELLO dos **CONTOS**



Os obxectivos destes premios son:

- 1) Promover a lingua e a cultura galega e portuguesa nos centros educativos.
- 2) Fomentar unha imaxe positiva e actual da lingua mediante a vinculación coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- 3) Favorecer o uso da lingua entre a mocidade e en ámbitos asociados á oralidade.
- 4) Incentivar a produción e difusión de material audiovisual en galego e portugués.
- 5) Fortalecer os vínculos coa lusofonía e mostrarlle á mocidade a importancia destes.

BASES DO CONCURSO

1. Poderá concorrer a este premio o alumnado de 11 a 18 anos dos centros de educación primaria (de 6.º curso) e doutros centros de ensino non universitario de Galicia, así como dos que imparten ensinanzas de réxime xeral cursadas fóra da Comunidade Autónoma. Así mesmo, tamén poderá participar alumnado de 11 a 18 anos das escolas do Norte de Portugal.
2. Aceptaranse podcasts orixinais e inéditos relacionados co patrimonio literario de Galicia e Portugal e coas súas figuras relevantes, tales como o autor a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas este ano. Cada podcast terá unha **duración máxima de 3 minutos**. O podcast deberá vir acompañado polo texto que serviu de base para a súa elaboración.
3. Admitiranse obras individuais ou colectivas en lingua galega (segundo a normativa ortográfica vixente publicada pola Real Academia Galega) ou portuguesa (segundo o novo acordo ortográfico).
4. A música e os efectos sonoros que se empreguen deberán ser orixinais, estar libres de dereitos ou ter licenza de uso para este fin educativo. As obras difundiranse baixo a licenza «Creative Commons», «non comercial» e «compartir igual».
5. O centro deberá contar coa autorización da nai, o pai ou representante legal do alumnado menor de idade para usar a súa imaxe nas accións de difusión do certame en webs, medios de comunicación, redes sociais etc., sempre con fins didácticos e sen ánimo de lucro.
6. A **solicitude de participación formalizaráa o director ou directora** do centro antes do día **28 de febreiro de 2020**, mediante un correo electrónico ao seguinte enderezo: **certameradiofonico@iesrosaliadecastro.org** No asunto indicárase "Premio Xosé Mosquera" e o nome do centro.
7. Os traballos deben ser enviados por correo electrónico ao seguinte enderezo: **certameradiofonico@iesrosaliadecastro.org** Realizarase un envío diferente para cada traballo. Deben incluír obrigatoriamente un arquivo adxunto onde figure a relación do alumnado participante (nome e apelidos, idade, curso, enderezo postal, teléfono e correo electrónico) do profesorado responsable e colaborador, e os datos do centro educativo (nome, código, enderezo, teléfono e enderezo electrónico).
8. **O prazo de presentación dos traballos finalizará o 17 de maio de 2020.**

9. Establécense os seguintes premios:

- a. Premio ao **mellor traballo do alumnado de 6.º curso de primaria** de Galicia e dos que imparten ensinanzas de réxime xeral fóra da Comunidade Autónoma: 250 euros, lotes de libros para a biblioteca, escultura orixinal conmemorativa e diploma.
- b. Premio para o **mellor traballo doutros centros de ensino non universitario** de Galicia e dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral cursadas fóra da Comunidade Autónoma: 250 euros, lotes de libros para a biblioteca e escultura orixinal conmemorativa e diploma.
- c. **Dous Premios Especiais 25 aniversario de Ponte...nas ondas!** para os mellores traballos relacionados co patrimonio inmaterial galego-portugués, que serán dotados con 250 euros, cadansúa escultura orixinal conmemorativa e diploma.

Cada un dos traballos finalistas recibirá un lote de libros, unha escultura única do Vello dos Contos realizada por alumnado da EASD Mestre Mateo de Santiago de Compostela e un diploma acreditativo.

O xurado estará composto por 5 membros designados polas entidades organizadoras e colaboradoras. Nos criterios de selección valorárase a calidade lingüística, a expresividade e interpretación; a orixinalidade, creatividade e innovación; e a calidade técnica. A decisión do xurado será inapelable e darase a coñecer en xuño de 2020.

As obras gañadoras serán emitidas no acto público de entrega de premios dos **II PREMIOS DE PODCAST O VELLO DOS CONTOS**, que se realizará no Museo do Pobo Galego ou nun centro educativo ou cultural que decida a organización, antes do remate do curso escolar 2019-2020. Así mesmo, tamén se divulgarán na **Radio Galega** e no **Portal Escolas nas Ondas** (www.escolasnasondas.com). A participación neste concurso implica a aceptación total das súas bases. O xurado reserva para si o dereito a interpretalas, cando sexa necesario para o seu desenvolvemento. A presentación a este certame implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen.

ORGANIZAN

PNO!
PONTE...NAS ONDAS!

ARRAIANOS PRODUCCIÓN

IES PLURILINGÜE
ROSALÍA DE CASTRO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

COLABORAN

dinahosting

Antonio Fraguas, Fraguas

easd
mestre mateo

Equipo de Organización do IASPLURILINGÜE

CASA DE ROSALÍA

RADIO GALEGA

REAL ACADEMIA GALEGA

PARLAMENTO DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA